

3. EXPERIENCIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EN INSTITUTOS DE GALICIA

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
Programas de diversificación curricular
Agrupamentos específicos
Experiencias en centros de GALICIA

EXPERIENCIAS: PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR
IES "SOFÍA CASANOVA" DE FERROL

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

Este centro era, ata a implantación da LOXSE, un instituto de bacharelato, polo que o alumnado que recibía ata entón era un alumnado seleccionado, despois da obtención do título de graduado escolar. Esta situación fai que o profesorado non tivera moita experiencia de atención ó alumnado con necesidades educativas especiais ou na aplicación de medidas de atención á diversidade, dentro dunha etapa de escolarización obrigatoria.

Non obstante, trátase dun centro cun certo historial canto a experiencias de innovación educativa. No seu día iniciou a reforma do bacharelato, coa modalidade experimental, á parte de múltiples experiencias de carácter innovador no seu labor educativo cotián.

NECESIDADE DE IMPLANTAR UN PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

No curso 1988/89 existe no centro un número significativo de alumnos que cumpren os requisitos de idade e as condicións recollidas na normativa vixente para a súa proposta para un PDC. Son alumnos con atrasos escolares e que recibiron anteriormente medidas de atención á diversidade. Moitos destes alumnos estaban escolarizados no mencionado curso en 3º de ESO e outros en 2º de ESO.

Eran alumnos cun perfil moi semellante, que estaban nun ou noutro nivel educativo segundo repetiran unha ou máis veces nas etapas de EXB/primaria e que, neste momento, están escolarizados en distintos niveles, como consecuencia da transición entre o antigo sistema educativo e o novo. É unha situación que se dá no pasado curso e que practicamente desaparece no actual, como consecuencia de que a inmensa maioría dos alumnos que no curso 99/00 están en 2º de ESO xa cursaron integramente a etapa de primaria e, por tanto, aínda que repetiran unha vez en primaria e outra no primeiro ciclo da ESO, non cumpren o requisito da idade. Existían nese curso catro grupos de 2º e catro de 3º curso da ESO.

O orientador, que se incorpora ó centro a principios dese curso, constata esta situación e considera prioritaria a implantación dun PDC para o curso seguinte, como medida máis adecuada de atención á diversidade para estes alumnos de segundo ciclo da ESO.

PROCESO DE ELABORACIÓN DO PDC NO CENTRO

O primeiro paso foi por esta situación en coñecemento do equipo directivo e deseñar conxuntamente co director e co xefe de estudos os pasos para seguir, que, resumidos, foron os seguintes:

No mes de novembro orientador informa os membros da CCP acerca dos PDC. Elaborouse un documento en que se recollía a normativa vixente e a estrutura organizativa dos PDC, ademais dun documento co perfil dos alumnos que podían ser suxeitos de escolarizarse nesta modalidade educativa. Posteriormente, os xefes dos departamentos levan esta información ós membros dos departamentos para o seu coñecemento e difusión entre todo o profesorado do centro.

No mes de decembro, o orientador explícalle-lo documento anterior a tódolos profesores no claustro.

Despois da primeira avaliación o orientador fai unha primeira selección dos posibles alumnos que cumpren os requisitos de idade e en principio poderán ser suxeitos de incluírse nun PDC. Sae un número bastante elevado, arredor dos 30 ou 35.

Durante o segundo trimestre, o orientador en colaboración cos titores vai acadando información e fai unha primeira fase da avaliación psicopedagóxica individual de tódolos alumnos seleccionados. Este é un proceso longo e laborioso, pero moi importante, porque permite un coñecemento pormenorizado das características de cada alumno, unha aproximación ós seus intereses e motivacións, o que permite facer un primeiro descarte de boa parte deles.

Na segunda avaliación pásase un modelo de acta no que cada equipo de profesores de cada grupo dos cursos de 2º e 3º de ESO fai unha proposta inicial de alumnos. Esta proposta permite contrasta-los datos recollidos polo orientador no período anterior coa opinión dos profesores. Foi necesario, inmediatamente despois das sesións de avaliación, facer unha reunión do orientador cos equipos de profesores de cada nivel exclusivamente para tratar de novo este tema, co fin de concretar un pouco máis as propostas. Esta permitiu reduci-lo número aproximadamente a 18.

No último trimestre, a partir de abril, o orientador e os profesores completan a avaliación psicopedagóxica individual de cada alumno.

A finais de abril os departamentos didácticos propoñen os profesores que se van encargar de impartir-lo PDC no curso seguinte, despois de decidir que sería un programa de dous anos de duración.

Neste centro deuse unha situación idónea, xa que os catro profesores que o imparten se presentaron voluntarios, coa circunstancia de que son os xefes dos departamentos implicados: o de física e química, para impartir-lo ámbito científico-tecnolóxico; o de lingua galega, para impartir-lo ámbito sociolingüístico; a de lingua inglesa, para impartir esta área; e a xefa do departamento de sociais, para impartir-la optativa/específica de primeiro ano do programa. Esta circunstancia de voluntariedade facilitou moito as cousas, debido a que permitiu axiliza-lo proceso e face-las programacións con antelación suficiente e sen os apuros propios de finalización do curso.

Durante os meses de maio e xuño completáronse estas tarefas:

Os departamentos didácticos implicados, en colaboración co departamento de orientación, elaboraron as programacións didácticas. O departamento de orientación facilitoulles asesoramento canto ós aspectos psicopedagóxicos e organizativos que se debían ter en conta, ademais de materiais de apoio e a exemplificación dalgunhas programacións realizadas noutros centros ou editadas.

Faise a proposta definitiva de alumnos, que finalmente queda en número de 13.

O orientador, xunto cos titores, fixo a entrevista familiar, individualmente, na que se lles explicou ós pais a finalidade do programa e se recolleu a súa conformidade por escrito. Soamente houbo unha familia que rexeitou esta opción e o alumno finalmente non foi incluído no programa. Así mesmo, recolleuse por escrito a conformidade dos alumnos con esta modalidade educativa.

No mes de xuño acabouse de redacta-lo expediente, coa colaboración dos informes psicopedagóxicos por parte do orientador, que se xuntou co resto dos documentos que sinala a normativa, para a súa remisión á Inspección Educativa.

DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

O programa, aprobado pola inspección, iníciase a comezos do actual curso escolar 99/00, despois de varias reunións iniciadas entre os profesores que o imparten e o orientador, para facilitar esta información sobre as características dos distintos alumnos e tratar algúns aspectos de tipo metodolóxico e organizativo.

O profesorado e o orientador fan unha sesión de información grupal cos pais onde se lles lembran os obxectivos, a organización e a dinámica de funcionamento e se lles pide a súa colaboración en todos aqueles aspectos que se considere que poden aportar algo no desenvolvemento persoal ou escolar dos seus fillos.

Unha vez celebrada a primeira avaliación os resultados pódense considerar globalmente satisfactorios, especialmente nos ámbitos e nas áreas que reciben a docencia no grupo específico, con peores resultados nas áreas nas que se integran nos grupos ordinarios. Hai dous alumnos que presentan uns resultados máis baixos cós demais, algo xa esperado, dado que posiblemente sexan alumnos que haberá que derivar cara a programas de garantía social e que foron incluídos neste programa por non existir oferta dos mencionados programas no centro e por mostrar unha boa actitude cara á aprendizaxe.

ASPECTOS PARA RESALTAR

É moi importante facer un bo labor de información acerca da consistencia dos PDC dentro do centro, procurando que esta información chegue a todo o profesorado. Considérase imprescindible aportar documentación por escrito.

Débase inicia-lo proceso de selección do alumnado, a ser posible, despois da primeira avaliación, de tal forma que se poida facer unha avaliación psicopedagóxica completa non soamente das súas capacidades ou da situación escolar, senón tamén doutros aspectos, como a influencia do contorno sociofamiliar, as expectativas persoais, etc.

Cómpre ser moi coidadoso na selección dos alumnos, tendo moi presente a existencia de posibilidades reais da obtención do título de graduado en educación secundaria. No caso deste centro non foi posible incluír algúns alumnos que aínda que poderían cumprir-las demais condicións, non se albiscara esta posibilidade, polo que se considerou que a opción máis conveniente sería a de derivalos cara a programas de garantía social. A inclusión de alumnos con necesidades educativas especiais ou con adaptación curriculares significativas nos PDC debería, ó meu entender, ser moi xustificada con base en circunstancias moi concretas ou específicas, pero non xeneraliza-la súa inclusión nos PDC, porque iso podería desvirtuar boa parte da súa filosofía. Persoalmente creo que sería conveniente unha maior precisión da normativa, neste sentido.

A implicación dos titores e o profesorado en xeral resulta fundamental no proceso de selección e de avaliación dos alumnos.

A voluntariedade dos profesores que deben imparti-lo programa é, así mesmo, unha circunstancia clave no seu correcto desenvolvemento.

A implicación do equipo directivo, especialmente da xefatura de estudos, constitúe un elemento de grande importancia para facilita-la información, a coordinación do proceso e a toma de decisión, tanto de tipo didáctico como organizativo. No caso deste centro a colaboración pódese considerar óptima.

DIFICULTADES ATOPADAS NO PROCESO DE IMPLANTACIÓN

- Nos centros de secundaria que proveñen do antigo bacharelato e que por tanto non dispoñen de obradoiros, porque ademais non imparten ciclos formativos de grao medio do ámbito tecnolóxico, redúcese bastante a posibilidade de deseñar unha optativa de iniciación profesional para o primeiro ano do PDC. No noso caso adaptouse unha área que é

“Transición á vida adulta”, pero que quizá non responda totalmente ó perfil recomendado nas referencias bibliográficas existentes acerca de cómo debe ser concibida esta materia optativa.

- Por cuestións de tipo organizativo, debido á optatividade de terceiro curso da ESO, houbo que integra-los 13 alumnos de diversificación curricular nun mesmo grupo ordinario. Esta circunstancia non é, para o meu entender, a idónea, dado que sería preferible que esta integración se fixera nun maior número de grupos.

PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR IES “MARQUÉS DE SUANZES” DE FERROL

FACILITACIÓN DA INFORMACIÓN NO CENTRO. NECESIDADE DE IMPLANTA-LO PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

Facendo un breve resumo da historia do IES “Marqués de Suanzes”, sinalaremos que foi un antigo instituto politécnico, que a través das súas ensinanzas da de formación profesional daba unha resposta ós alumnos/as que tiñan fracaso escolar e a quen nos seus centros de procedencia se lles suxería (sen terminaren a EXB, nalgúns casos) que se escolarizasen no IES citado; de aí que o profesorado teña unha ampla experiencia en tratar alumnos con necesidades educativas especiais, fracaso escolar, carencia de habilidades sociais, desmotivación, etc.

Fundamentalmente é un profesorado aberto ás innovacións (anticipáronse as ensinanzas LOXSE). Foi o primeiro centro de Ferrol que implantou un programa de garantía social, con ampla experiencia en trata-la diversidade do alumnado e cunha moi boa actitude para lle dar unha adecuada resposta educativa (anteriormente acolleuse ó plan de integración e continúa sendo o centro de integración de alumnos con necesidades educativas especiais sensoriais da zona).

Na actualidade o IES conta coas seguintes medidas de atención á diversidade:

- Ordinarias: reforzo.
- Extraordinarias: LAC, diversificación curricular (no pasado curso escolar tivemos un programa de diversificación de dous anos e dun ano, e este curso dun ano de duración) e garantía social.

SUXESTIÓNS PARA IMPLANTAR UN PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR BASEÁNDOSE NAS NECESIDADES

É moi importante contar cun profesorado sensibilizado na atención á diversidade, cun equipo directivo que potencie as innovacións e as medidas de atención á diversidade e cun departamento

de orientación que informe e asesore respecto desas medidas e que se mantéña en comunicación e coordinación constante co xefe de estudos e director (que se ocupan, noutros aspectos, de horarios, asignación de espazos, organización dos grupos, recursos materiais, elección dos titores, etc.), co obxectivo de dinamiza-las reunións, reduci-las dificultades que poidan xurdir, e aproveitar convenientemente os recursos persoais e materiais do centro.

Sinálase que a orientadora se incorporou ó centro no curso 98/99, cando xa estaba concedido o PDC de dous anos e un ano (aínda que todo o proceso de solicitude se realizou no centro en que anteriormente estaba destinada: información, selección de alumnos, etc.), realizando avaliación psicopedagóxica para o seguimento dos alumnos, xunto cos datos das preavaliacións e avaliacións, entrevistas cos pais, facilitación de material e documentación e reunións cos titores e equipo educativo, consello orientador (4º de ESO de diversificación), etc.

Consideramos que para implantar un programa de diversificación curricular se poden seguir os seguintes pasos:

Necesidades:

Partimos de:

- Fracaso escolar dun determinado grupo de alumnos (2º, 3º e 4º da ESO) que recibiron anteriormente medidas de atención á diversidade conforme a Orde do 19 de maio de 1997, e que cumpren tódolos requisitos sinalados.
- Necesidade de lles dar unha resposta educativa a eses alumnos que recibiron outras medidas ordinarias o extraordinarios.
- Disponibilidade do profesorado e actitude positiva respecto das medidas de atención á diversidade.

Suxerimos:

- Departamento de orientación: recollida de información sobre os programas de diversificación curricular (lexislación, bibliografía, documentación da Consellería, outras experiencias, que no noso caso supuxo pornos en contacto cun IES de Estremadura, dado que se iniciaba en Galicia esta experiencia), etc.
- Elaboración por parte do departamento de Orientación dun documento informativo para a comisión de coordinación pedagóxica e os titores (lexislación, cadro sinóptico informativo dos PDC). A CCP debe garantir que os departamentos didácticos implicados recollan a información, a contextualicen, reformen, adapten, etc., e tamén que se tomen decisións consensuadas.
- Documento informativo sobre o plan de apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe coas medidas de atención á diversidade do IES, que se entregará ó inicio do curso na carpeta do titor e que se completará ó longo do curso con tódalas medidas novas da atención á diversidade, e que se concretará nas medidas que se desenvolvan no centro en concreto. É

conveniente que os profesores dispoñan deste documento e, por suposto, que se contemple no PCC do centro, entre as medidas de atención á diversidade.

- Orde das reunións para implanta-lo PDC.

Tal como se dixo anteriormente:

- Reunión do departamento de orientación, aportándolle ó orientador á información sobre os PDC.
- Reunión do departamento de orientación co equipo directivo, fundamentalmente co xefe de estudos.
- Información ó CCP e ó claustro.
- Reunión do xefe de estudos, xefe do departamento de orientación e titores de 2º, 3º e 4º da ESO, concretándose o perfil do alumnado dos PDC e insistindo fundamentalmente nas condicións de acceso (perfil) dos alumnos ós PDC. Entrega de documentos de recollida de información por parte do xefe do departamento de orientación ós titores. Recoméndase que estes documentos sexan simples, doados de cubrir e que posibiliten a recollida de información por parte do titor e dos profesores que formen o equipo educativo do alumno.
- Pódese informar tamén nas sesións da primeira avaliación, e insistir particularmente na preavaliación da segunda avaliación (previamente o xefe de departamento de orientación recompilaría os datos dos alumnos que poden ter ese perfil: 16 anos ou que os cumpran no ano natural que recibiran medidas complementarias e, fundamentalmente, que poidan alcanza-los obxectivos xerais da ESO e que mostren interese).
- O orientador inicia na primeira avaliación a detección de posibles alumnos do PDC, tendo en conta a información obtida dos informes dos titores de 2º, 3º e 4º da ESO e das reunións.
- Como moi tarde na segunda avaliación deberá estar case concretada (a relación de alumnos era aínda superior a 15) a relación de alumnos do PDC, e así poder realizar ou continuar realizando o orientador a avaliación psicopedagóxica e a información ós pais e ós alumnos, recollendo por escrito a súa conformidade.
- Nas reunións sucesivas cos titores, xefatura de estudos e equipo educativo, continúanse concretando os alumnos que accederán ó PDC (15 alumnos no curso 99/00) e no terceiro trimestre, na preavaliación e xa con tódolos datos dos titores, equipo educativo, orientador e pais do alumno, concrétese a relación definitiva dos alumnos do PDC xuntando a conformidade dos pais e dos alumnos.
- Remíteselle a proposta ó inspector do IES, incluíndo tódolos aspectos que se citan no DOG.

* Insistimos en que é fundamental traballar moito cos titores no “perfil” do alumno de PDC, xa que deste aspecto dependen as posibilidades de éxito do PDC e a súa continuidade. De aí a importancia da elección dos titores non soamente dos PDC, senón en xeral da ESO, debido ás múltiples funcións que teñen que desenvolver. É básico que o orientador teña moi claro o perfil do alumnado do PDC.

* Suxerimos que se teña precaución en elixi-lo grupo de referencia dos alumnos do PCC (que sexa o máis reducido, que non sexan problemáticos), e tamén insistimos na selección dos alumnos de PDC.

En conclusión, no desenvolvemento dun PDC trataremos fundamentalmente de:

- Integrar no centro o PDC.
- Lograr unha proposta curricular adecuada ás necesidades educativas dos alumnos en estricta relación co contexto ordinario en que se desenvolven.

ELABORACIÓN DO PROGRAMA DE PDC

É fundamental a facilitación das directrices da CCP para elabora-lo PDC e tamén a información que lle dea o orientador a CCP dos citados programas.

Que o orientador facilite documentos doutras experiencias que poidan servir como fonte informativa para a elaboración das programacións e que insista, xunto co xefe de estudos, en:

1. A selección de obxectivos e contidos a través da reestructuración de áreas, buscando a globalización do proceso de ensino/aprendizaxe (potencia-la coordinación dos departamentos). É fundamental realizar varias reunións de coordinación entre os departamentos implicados en dous ámbitos, é dicir:
 - Reunión informativa do xefe de estudos, orientador, xefes dos departamentos implicados e titores dos ámbitos, co obxectivo de fixar unhas directrices xerais para a programación, expondo a necesidade de potencia-la organización e secuenciación dos contidos, insistindo na consecución prioritariamente das capacidades de equilibrio persoal, de relación interpersoal e inserción social. Información da elaboración do PDC por parte do departamento de orientación en colaboración cos departamentos.
 - Reunión dos departamentos implicados en cada ámbito específico e tamén dos da área de lingua estranxeira (suxírese un tratamento globalizador a través dun obradoiro de idiomas).
2. Que a metodoloxía sexa motivadora, partindo dos seus intereses e necesidades, relacionando os contidos coa vida diaria para que manteñan a súa motivación por aprender, e tamén para que desenvolvan positivamente a súa autoestima e confianza en si mesmos e que vexan a posibilidade de poder continua-los seus estudos.

3. Que exista unha boa coordinación entre o titor de primeiro e segundo ano de PDC, co obxectivo de facilitar información dos alumnos, da evolución do PDC, das dificultades e progresos encontrados, etc., e coordinación entre titores dos ámbitos.

ASPECTOS POSITIVOS

Aínda que os resultados son positivos, insistimos en que a posta en marcha dun PDC é moi complexa no aspecto organizativo (asignación dos alumnos, elección dos titores, espazos, grupo de referencia, coordinación departamento, etc.).

Insistimos tamén en que sobre a base de elixir adecuadamente os alumnos e a boa disposición dos profesores; os aspectos positivos son todos:

Os alumnos séntense moi motivados. Ven que as súas posibilidades de mellorar son moitas, que a atención que se lles presta é moi individualizada, axustándose as súas características, que o modo de ensinar é facilitador da aprendizaxe e comprensivo pola súa característica globalizadora, que a relación titor-alumno é máis persoal ou igual cá relación coas familias (recoméndase que a información ás familias se realice individualmente, tanto na selección dos alumnos como no seu seguimento). Mesmo na realización das actividades de tutoría a dinámica é máis activa polo menor número de alumnos; pode ser maior a súa participación e tamén se poden potencia-los aspectos persoais xa citados (autoestima) cos contidos transversais e de orientación académico profesional, facilitándose o consello orientador dos alumnos que terminan o segundo ano cun PDC, xa que, tanto por parte do titor, equipo educativo e orientador, se ten moita información. Dáse a situación de que outros alumnos dos non suxeridos para o PDC acoden por iniciativa ó departamento de orientación co obxectivo de poderen ser incluídos, xa que os alumnos do PDC lles comentaban o ben que se atopan eles.

Baseándose no seguimento realizado, a maioría dos alumnos continúan os estudos fundamentalmente na FPE, que era uno dos obxectivos que eles tiñan ademais de obterem o título da ESO.

Os titores fan unha valoración positiva e están satisfeitos do seu labor, que poden desenvolver adecuadamente dentro do contexto dos centros. Destácase que no curso pasado un titor tiña unha ampla experiencia na atención á diversidade e outro titor era xefe do seu departamento e continúa sendo titor no presente curso no PDC. Destácase ademais a súa dispoñibilidade, interese respecto dos alumnos do PDC. Respecto ó resto de profesores, algúns tiñan ou tiveron cargos directivos (o director impartía a iniciación profesional).

Os pais tenden a mostrar sempre a súa conformidade coa inclusión do seu fillo no programa de DC e ó final móstranse satisfeitos de que se cumpran os seus obxectivos: que o seu fillo obtéña o título e que continúe estudiando.

É significativo que nas reunións de avaliación se fala dos cursos de diversificación como dun curso máis, en que se lles dá resposta ás necesidades dos alumnos, e se abandona a idea de que son un “apartado” ou algo diferente do que é o centro normal.

DIFICULTADES

Suxestións:

Formación do profesorado: ademais do asesoramento da orientadora, sería positivo que o profesorado dos PDC puidese realizar un curso de formación ó inicio do curso en que se solicita por primeira vez o PDC, ou ben se solicita ó centro un proxecto de formación no inicio dos citados programas ou un seminario ou grupo de traballo, ou compartir outras experiencias favorables doutros centros.

Ademais, sería conveniente que se contemplase para os titores do PDC unha hora de reunión co orientador, co obxectivo de prepararen as actividades de tutoría e realizaren un seguimento detallado dos alumnos.

* Estas opinións e suxestións realizadas son desde a miña perspectiva como orientadora.

PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR **IES DE POIO. PONTEVEDRA**

PROXECTO RESUMO DA EXPERIENCIA DOS AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS

Dentro das medidas de atención á diversidade, este centro organizará agrupamentos específicos para apoiar ao alumnado con dificultades en lingua galega e matemáticas, segundo a Circular nº 9/1999 da Dirección xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se dictan instrucións para a atención á diversidade na educación secundaria obrigatoria. Estas medidas foron aprobadas polo claustro de profesores, e a proposta das áreas obxecto de agrupamentos específicos foi realizada pola comisión de coordinación pedagóxica con data 4 de outubro de 1999.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os criterios para a inclusión do alumnado nestes grupos son os seguintes:

- a) Repetición en ESO.
- b) Repetición en EP.

- c) Máis de 5 áreas ou materias “insuficientes” no curso pasado.
- d) Resultados inferiores en “test de aptitudes escolares”.
- e) Opinión dos profesores baseada en avaliación inicial.
- f) Baixa competencia nas técnicas instrumentais de base: lecto-escritura e cálculo.

PROGRAMACIÓNS

Foron elaboradas polos departamentos didácticos correspondentes coa colaboración do departamento de orientación e inclúen contidos de terceiro ciclo de educación primaria.

Para a selección de contidos optouse por elixir aqueles de carácter máis práctico e funcional e as aprendizaxes articuláronse en torno a unidades didácticas.

A metodoloxía será activa e participativa, facendo especial fincapé na atención individualizada a cada alumno. Nas horas de matemáticas o profesor contará co apoio na aula da profesora de pedagogía terapéutica, quen tamén elaborará materiais de apoio individualizados para as horas de lingua galega.

As programacións están propostas para a súa aprobación na próxima reunión da comisión de coordinación pedagóxica. Unha vez aprobadas, incluíranse no PCC.

INFORMACIÓN ÓS PAIS

Os pais foron informados por cada titor e/ou orientadora en entrevistas indiscernibles e contamos coa súa aprobación para a inclusión dos seus fillos nestes grupos.

DOCUMENTOS E INFORMES

Cada titor elaborará un informe individualizado en colaboración co departamento de orientación, no que se incluírá xustificación pormenorizada das razóns polas que o alumno se inclúe nestes grupos.

Ó final do curso o profesor-titor elaborará un informe individualizado en colaboración co departamento de orientación valorando a efectividade desta medida e a proposta de continuidade.

A participación nos agrupamentos específicos farase constar no expediente académico do alumno como reforzo educativo.

SEGUIMIENTO

O equipo de profesores e o departamento de orientación realizarán un seguimento individualizado destes alumnos e decidirán sobre a súa integración no grupo de referencia na xunta de avaliación.

PROFESORADO

O profesorado encargado destes grupos será o seguinte:

- * Propietario definitivo. Especialista en matemáticas.
- * Mestra, propietaria provisional. Especialista en lingua galega.
- * Mestre, propietario definitivo. Especialista en lingua galega.

RELACIÓN DE ALUMNOS SEGUNDO CRITERIOS DE INCLUSIÓN

IES de Poio - Departamento orientación - Agrupamentos específicos - matemáticas e lingua galega							
APELIDOS e NOME	A	B	C	D	E	F	CURSO
“ “ “		X	X	X	X	X	2ºA
“ “ “		X	X	X	X	X	2ºA
“ “ “	X	X	X	X	X	X	2ºA
“ “ “		X	X	X	X	X	2ºA
“ “ “	X		X	X	X	X	2ºA
“ “ “	X	X	X	X	X	X	2ºB
“ “ “		X	X	X	X	X	2ºB
“ “ “	X	X	X	X	X	X	2ºB
“ “ “		X	X	X	X	X	2ºB
“ “ “		X	X	X	X	X	2ºB
“ “ “	X	X		X	X	X	2ºC
“ “ “			X	X	X	X	2ºC
“ “ “	X	X	X	X	X	X	2ºC
“ “ “	X	X	X	X	X	X	2ºC
“ “ “			X	X	X	X	2ºC
“ “ “	X	X	X	X	X	X	2ºC
“ “ “	X	X	X	X	X	X	2ºD
“ “ “		X	X	X	X	X	2ºD
“ “ “	X	X	X	X	X	X	2ºD
“ “ “		X	X	X	X	X	2ºD
“ “ “	X	X	X	X	X	X	2ºD
“ “ “	X	X	X	X	X	X	2ºD

*HORARIOS DOS GRUPOS NOS QUE HAI AGRUPAMENTOS
ESPECÍFICOS.*

2ºA	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00 9:50	L. Galega + Mate.G.E.	L. Galega + Mate.G.E.	Ciencias Natureza	Ciencias Sociais	Ciencias Natureza
9:50 10:40	Matemat. + Galego G.E.	Educación Física	Obr. Mat. Francés	L. Galega Mate. G.E.	Titoría
10:40 11:30	Lingua Inglesa	Educac. Fís.+ Des	Matemat. + Galego G.E.	Lingua Inglesa	LinguaCastelá Galego G.E.
12:00 12:50	Lingua Castelá	Música	Tecnoloxía	Lingua Castelá	Obr. Mat+ Francés
12:50 13:40	Música	Ciencias Natureza	Tecnoloxía	Música	Ciencias Sociais
13:40 14:30	Ciencias Sociais	A. Estudio	Lingua Castelá	A. Estudio	Lingua Inglesa

2ºB	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00 9:50	L. Galega + Mate.G.E.	L. Galega + Mate.G.E.	Música	Música	Ciencias Sociais
9:50 10:40	Matemat. + Galego G.E.	Ciencias Natureza	Obr. Mat+ Francés	L. Galega + Mate.G.E.	Música
10:40 11:30	Ciencias Sociais	Lingua Inglesa	Matemat. + Galego G.E.	Ciencias Natureza	Matemat. + Galego G.E.
12:00 12:50	Lingua Inglesa	Tecnoloxía	Lingua Castelá	A. Estudio	Obr. Mat+ Francés
12:50 13:40	Lingua Castelá	Tecnoloxía	Titoría	Ciencias Sociais	Educación Física
13:40 14:30	Ciencias Natureza	A. Estudio	Lingua Inglesa	Lingua Castelá	Educac. Fís.+ Des

2ºC	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00 9:50	Ciencias Sociais	Ciencias Sociais	Matemat. + Galego G.E.	Obr. Mat+ Francés	Matemat. + Galego G.E.
9:50 10:40	A. Estudio	L. Galega + Mate.G.E.	Ciencias Natureza	Lingua Inglesa	Ciencias Natureza
10:40 11:30	L. Galega + Mate.G.E.	Matemat. + Galego G.E.	Lingua Inglesa	L. Galega + Mate.G.E.	Ciencias Sociais
12:00 12:50	Música	Lingua Castelá	Música	Tecnoloxía	A. Estudio
12:50 13:40	Educac. Fís.+ Des	Lingua Inglesa	Obr. Mat+ Francés	Tecnoloxía	Lingua Castelá
13:40 14:30	Educación Física	Ciencias Natureza	Titoría	Lengua Castelá	Música

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. A ESCOLA INTERCULTURAL

2ºD	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00 9:50	Educación Física	Lingua Inglesa	Matemat. + Galego G.E.	Obr. Mat+ Francés	Matemat. + Galego G.E.
9:50 10:40	Educac. Fís.+ Des	L.Galega + Mate.G.E.	Lingua Inglesa	Lingua Inglesa	Ciencias Sociais
10:40 11:30	L. Galega + Mate.G.E.	Matemat. + Galego G.E.	Lingua Castelá	L. Galega + Mate.G.E.	A. Estudio + Relixión
12:00 12:50	Ciencias Natureza	Ciencias Sociais	Titoría	Ciencias Natureza	Tecnoloxía
12:50 13:40	A. Estudio + Relixión	Música	Obr. Mat+ Francés	Lingua Inglesa	Tecnoloxía
13:40 14:30	Música	Lingua Castelá	Ciencias Natureza	Ciencias Sociais	Lingua Castelá

HORARIO DO PROFESORADO QUE IMPARTE CLASES NOS GRUPOS ESPECÍFICOS

PROFESOR: A

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00 9:50	L. Galega 2º A	L. Galega 2º A		L. Galega 1º A	L. Galega 2º E
9:50 10:40	Galego G.E. 2ºA+2ºB	L. Galega 2ºC		L. Galega 2º A	Titoría 2º E
10:40 11:30	L. Galega 2ºC	Titoría G.E.	Galego G.E. 2ºA+2º B	L. Galega 2º C	Galego G.E. 2ºA + 2ºB
12:00 12:50	L. Galega 2ºE	Titoría Padres	Garda		L. Galega A 1º
12:50 13:40	Ob.C.Oral 1º C	Garda	L. Galega 2º E		
13:40 14:30		L. Galega 1º A	Ob.C. Oral 1º C		
76008		Reunión Seminario			

PROFESOR: B

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00 9:50	L. Galega 2º B	L. Galega 2º B	Galego G.E. 2ºC+2º C		Galego G.E. 2ºC + 2ºD
9:50 10:40	Garda	L. Galega 2ºD	L. Galega 1º B	L. Galega 2º B	
10:40 11:30	L. Galega 2ºD	Galego G.E. 2ºC + 2ºD	Ob.C. Oral 1º A	L. Galega 2º D	Titoría G.E
12:00 12:50	L. Galega 1ºB	L. Galega 1º C	Titoría 2º D	Ob.C.Oral 1º C	Titoría Padres
12:50 13:40				L. Galega 1º C	L. Galega 1º C
13:40 14:30					
76008	Reunión Dpto Orient.	Reunión Seminario			

PROFESOR: C

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00	Mate. G.F. 2ºA+2ºB	Mate. G.F. 2ºA+2ºB	Matemáticas 2ºC	Ob. Matemát. 2ºC	Matemáticas 2ºD
9:50	Matemáticas 2ºA	Mate. G.F. 2ºC+2ºD	Ob. Matemát. 2ºB	Mate. G.F. 2ºA+2ºB	Ob. Matemát. 1ºB
10:40	Mate. G.F. 2ºC+2ºD	Matemáticas 2ºD	Matemáticas 2ºA	Mate. G.F. 2ºC+2ºD	Matemáticas 2ºA
12:00			Consello Escolar	Titoría G.E	Matemáticas 2ºB
12:50			Ob. Matemáticas 2ºC	Ob. Matemáticas 1ºB	Consello Escolar
13:40			Garda		
14:30					
76010		Reunión Seminario			

PROGRAMACIÓN DA ÁREA DE MATEMÁTICAS ADAPTADA ÓS GRUPOS ESPECÍFICOS DE 2º DE ESO

OBXECTIVOS

Con carácter xeral, como se indica na Circular nº 9/1999 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, os alumnos que formen parte de agrupamentos específicos deberán ter os mesmos obxectivos co seu grupo de referencia.

CONTIDOS

En relación cos contidos, na circular anteriormente citada dise que cando se considere necesario para afianzar aprendizaxes básicas, poden adaptarse contidos da etapa anterior.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

1. Comparación de números. Conceptos de suma e resta. Multiplicación. Múltiplos dun número. Números naturais. Operacións con números naturais e propiedades.
2. División exacta. División enteira. Propiedade fundamental da división exacta. Relación entre os termos da división exacta e da división enteira. Divisores dun número.
3. Potencias. Significado e operacións con potencias. Raíz cadrada. Múltiplo e divisor dun número. Significado e propiedades. Números primos. Criterios de divisibilidade. Máximo común divisor e mínimo común múltiplo.

4. Números enteiros. Significado. Operacións con números enteiros. Convenio dos signos. Potencia e raíz cadrada dun número enteiro.
5. Fraccións. Significado e operacións con fraccións. Comparación de fraccións. Equivalencia de fraccións. Número racional. Representación dos números racionais nunha recta. Orde en Q . Potencias de base racional e expoñente natural. Operacións e propiedades.
6. Números decimais. Expresión fraccionaria e expresión decimal. Significado e operacións con números decimais. Porcentaxes.
7. Medida. Significado. Medidas de lonxitude, área e volume. Unidades de medida no SMD. Múltiplos e submúltiplos.
8. Medidas de ángulos. Unidades de medida no sistema sesaxesimal. Operacións. Medida do tempo. Unidades no sistema sesaxesimal. Operacións.
9. Punto, recta e plano. Semirrecta. Posición relativa de dúas rectas no plano: paralelismo, perpendicularidade e incidencia. Segmentos. Partición e mediatriz dun segmento.
10. Ángulos. Bisectriz dun ángulo. Tipos de ángulos. Coordenadas. Coordenadas sobre unha recta. Eixes cartesianos. Sentidos. Cuadrantes. Coordenadas dos puntos do plano.
11. Triángulos. Elementos básicos e notables. Tipos de triángulos segundo os lados e segundo os ángulos. Área dun triángulo. Cuadriláteros. Lados, ángulos e diagonais. Tipos de cuadriláteros. Áreas do cadrado e do rectángulo.
12. Polígonos. Tipos. Perímetro. Triangulación. Áreas do rombo e do trapecio. Circunferencia, polígonos inscritos e circunscritos. Posición relativa dunha recta e dunha circunferencia. Posición relativa de dúas circunferencias. Círculo, concepto e área.
13. Poliedros. Significado, elementos e tipos. Prismas e pirámides. O cubo e o ortoedro. Corpos redondos. Cilindro, cono, esfera. Figuras simétricas respecto dun eixe. Figuras con eixes de simetría.
14. Álgebra. Expresións alxebraicas. Igualdade de expresións alxebraicas. Fórmulas e ecuacións. Regras da suma e do produto.
15. Gráficas. As gráficas cartesianas. Cuadrantes. Funcións elementais. Táboa e gráficas. a función liñal. Pendente. Expresión alxebraica asociada a unha gráfica: $y=mx$ e $y=mx+n$
16. Concepto de estatística. Poboación. Carácteres de poboación. Variable discreta. Frecuencia absoluta e frecuencia relativa. Características das frecuencias. Táboas de frecuencia. Gráficos de distribución de frecuencias. Rango. Marca de clase. Medidas de centralización: media, mediana e moda.

17. Probabilidade. Imprevisibilidade e regularidades en fenómenos e experimentos aleatorios. Frecuencia absoluta e relativa dun suceso simple. Probabilidade como grao de probabilidade ($0 < p < 1$). Sucesos asociados a un experimento aleatorio. Suceso simple, suceso seguro e suceso imposible. Sucesos compatibles e incompatibles. Sucesos equiprobables. Cálculo de probabilidades.

CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

- 1,2, e 3 Comparación de número utilizando os signos $<$ e $>$.
 Cálculo de sumas e restas con e sen parénteses.
 Cálculo dos múltiples dun número.
 Escritura en forma de potencia dun produto de factores iguais.
 Escritura dun número utilizando potencias de base 10.
 Cálculo do factor descoñecido nunha multiplicación. Cálculo dos divisores dun número.
 Comprobación da proba da división.
 Cálculo de operacións combinadas con parénteses e sen parénteses.
 Resolución de problemas con números naturais utilizando as catro operacións.
 Cálculo de potencias de base e expoñente natural e raíces cadradas.
 Realización de operacións con potencias.
 Recoñecemento de se un número é múltiplo ou divisor de outro. Cálculo de múltiplos e divisores.
 Descomposición dun número en produtos de factores primos. Cálculo do MCD/MCM.
- 4,5 e 6 Resolución de problemas de números enteiros utilizando as catro operacións.
 Representación de números enteiros nunha recta enteira.
 Cálculo de potencias de base enteira e expoñente natural. Cálculo de raíces cadradas. Representación gráfica de fraccións, números racionais e decimais.
 Comparación e ordenación de fraccións e decimais. Obtención de fraccións equivalentes. Realización de operacións con fraccións, números racionais e números decimais. Resolución de problemas con números racionais.
 Cálculo de porcentaxes.
- 7 e 8 Realización de medidas utilizando os instrumentos adecuados a cada caso.
 Expresión de medidas nas unidades correspondentes. Resolución de problemas de medida. Transformación dunha unidades a outras do SMD. Cálculo con medidas de lonxitude.
 Cálculo da área de figuras planas mediante fórmulas. Cálculo con medidas de capacidade. Cálculo con medidas de amplitude (ángulos). Expresión da medida de ángulos no sistema sesaxesimal e centesimal, e paso dun a outro.

- Cálculo con medidas de tempo. Expresión do tempo nos sistemas sesaxesimal e centesimal e paso dun a outro.
- 9 e 10 Comparación, clasificación e ordenación de segmentos. Trazado da mediatriz. Comparación, clasificación e ordenación de ángulos. Cálculo da suma e diferenza de dous ángulos. Cálculo do produto dun ángulo por un número natural. Cálculo da división dun ángulo en dúas partes iguais. Resolución de problemas sobre tipos de ángulos. Asignación de coordenadas a puntos dunha recta. Representación de puntos sobre unha recta. Trazado de eixes cartesianos. Identificación e representación de puntos no plano a partir das súas coordenadas cartesianas.
- 11,12 e 13 Clasificación de triángulos segundo os seus elementos. Trazado de rectas notables. Cálculo da área. Debuxo da circunferencia circunscrita a un triángulo. Clasificación, construción e recoñecemento de cuadriláteros. Obtención de fórmulas de áreas do cadrado e do rectángulo por medición directa. Recoñecemento, construción e clasificación de polígonos. Obtención de fórmulas de áreas do rombo e trapezio por descomposición. Análise dos ángulos dun polígono. Descomposición de polígonos. Obtención por triangulación da área dun polígono (fórmula xeral). Identificación, clasificación e construción de poliedros e corpo redondo. Debuxo da figura simétrica doutra respecto dunha recta. Debuxo dos eixes de simetría dunha figura.
- 14 Tradución á linguaxe alxebraica de expresións aritméticas sinxelas, e viceversa. Resolución de ecuacións de primeiro grado mediante as regras da suma e do produto. Resolución de problemas mediante ecuacións.
- 15 Construción de gráficas a partir de funcións liñais. Uso de expresións alxebraicas para describir gráficas en problemas sinxelos de proporcionalidade.
- 16 e 17 Distinción de diferentes tipos de caracteres dunha poboación. Ordenación, agrupación e clasificación de datos estatísticos para confeccionar táboas. Confección de táboas de frecuencias. Obtención da frecuencia relativa a partir da absoluta. Expresión da frecuencia relativa como porcentaxe e fracción decimal. Interpretación de gráficos habituais nos medios de comunicación e no coñecemento científico. Cálculo da media, mediana e moda. Descrición de sucesos elementais en experimentos aleatorios simples sobre distintas poboacións. Representación de frecuencias mediante diagramas de barras. Identificación de fenómenos aleatorios na vida cotiá. Confección de

táboas de frecuencia e gráficas para representa-lo comportamento de fenómenos aleatorios. Comparación e asignación de probabilidades.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Presentación clara, limpa e ordenada dos cálculos.
- Interese por coñecer regularidades aritméticas.
- Valoración da utilidade dos números enteiros na vida diaria.
- Presentación clara e limpa da representación dos números enteiros.
- Interese pola utilización de fraccións na vida diaria.
- Valoración da utilidade dos números decimais na vida diaria.
- Interese da utilización das porcentaxes na vida diaria.
- Valoración da importancia da medida e da necesidade da súa precisión na vida diaria.
- Presentación clara e limpa de esquemas de equivalencia entre unidades.
- Presentación clara e limpa do trazado de rectas e ángulos.
- Presentación clara e limpa do trazado de figuras xeométricas.
- Presentación clara e limpa do trazado e construción de corpos xeométricos.
- Curiosidade pola utilización de unidades de superficie en distintas situacións reais.
- Interese e curiosidade pola aplicación da estatística en distintas situacións da vida diaria.

METODOLOXÍA EDUCATIVA

Na Circular Nº 9/1999 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e no relativo ós agrupamentos específicos dise que “dado que o alumnado dos agrupamentos específicos necesita un cambio metodolóxico substancial, o enfoque metodolóxico deberá estar baseado en proxectos de traballo ou unidades didácticas en que prime o carácter práctico e funcional dos contidos”.

Considerarase un principio básico ou de busca de significación das aprendizaxes.

Partirase do nivel de desenvolvemento do alumno e desde ese nivel construíranse outras aprendizaxes que permitan mellora-lo nivel inicial.

Daráselle prioridade á comprensión dos contidos fronte á súa aprendizaxe mecánica.

Articularanse os contidos en unidades didácticas de modo que sexa primordial o carácter práctico.

Propiciarase moi especialmente a posta en práctica dos novos coñecementos adquiridos.

Fomentarase a reflexión persoal sobre o traballo realizado, así como a reflexión en grupo.

Elaboraranse conclusións a nivel persoal e a nivel de grupo respecto do aprendido, como método de análise sobre o proceso alcanzado.

PROGRAMACIÓN DA LINGUA GALEGA E LITERATURA PARA OS GRUPOS FLEXIBLES DE 2º ESO

OBXECTIVOS

- Comprender diversos tipos de mensaxes orais e escritas, analizando e valorando o seu uso nos seus diferentes contextos e situacións.
- Expresarse oralmente e por escrito con coherencia, corrección, creatividade e adecuación ás necesidades comunitarias.
- Coñecer e reflexionar sobre os elementos formais e os mecanismos da lingua nos seus planos fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual e sobre as condicións de produción e recepción de mensaxes no contexto social de comunicación, co fin de desenvolver-la capacidade para regula-las propias producións lingüísticas.
- Ler con fluidez, comprensión e actitude crítica, considerando a lectura como fonte de pracer, ampliación de experiencias, como coñecemento do patrimonio cultural e como estímulo para unha práctica literaria propia.
- Utiliza-la linguaxe oral e escrita como instrumento para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.
- Utilizar harmonicamente tódolos recursos expresivos, tanto lingüísticos como non lingüísticos, na comunicación directa con outras persoas.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Vocabulario relacionado coa localidade, as estradas, as viaxes, a paz, os sentimentos, os cargos e ocupacións, o aspecto físico, o aire, a terra, a auga, o vestido, as paisaxes e os edificios.
- O uso do h.

- O uso de b/v.
- Acento ortográfico e diacrítico.
- Os ditongos e os hiatos.
- O uso do punto, da coma, o punto e coma e os dous puntos.
- Os distintos elementos da frase nominal.
- O verbo. Comprensión dos conceptos de tempo, modo e persoa.
- Oración simple. Estructuras básicas.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Xogos e actividades de familiarización co léxico.
- Redacción dun texto de carácter descriptivo.
- Recoñecemento e elaboración de frases nominais.
- Elaboración dun texto informativo a partir de imaxes.
- Identificación do artigo e das súas contraccións
- Escritura de oracións con palabras polisémicas.
- Expresión de opinións persoais sobre as viaxes.
- Recoñecemento do narrador en terceira persoa.
- Expresión razoada de opinións sobre o conto.
- Lectura dun texto narrativo con pronunciación e ritmo adecuados.
- Elaboración dunha ficha de lectura.
- Recoñecemento dos personaxes protagonistas e secundarios.
- Dramatización dun texto narrativo.
- Identificación de determinantes e pronomes numerais.
- Elaboración de mensaxes utilizando o estilo indirecto e directo.
- Aplicación de normas ortográficas e gramaticais.
- Substitución de palabras en oracións polas súas antónimas.
- Elaboración dun cómic.
- Recoñecemento das seccións dun periódico.

- Descrición dun lugar a partir de referencias sensoriais.
- Identificación de tempos verbais en oracións.
- Reconstrucción dun conto a partir dunha secuencia de imaxes.
- Escritura dun texto descrito sobre obxectos.
- Identificación de parte descritiva e parte narrativa nun texto literario.
- Redacción dunha carta solicitando información.
- Análise das partes da oración simple.
- Realización dunha descrición caricaturesca.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Aceptación da lingua como elemento configurador da identidade.
- Aprecio pola calidade estética de producións propias e alleas.
- Interese por expresarse con corrección e precisión.
- Valoración da lectura como fonte de lecer, pracer, diversión e aventura.
- Respecto polas opinións alleas e a quenda de palabra.
- Recoñecemento da importancia dos medios de comunicación social.
- Interese por expresarse correctamente en galego.
- Valoración dos textos literarios para desenvolve-lo sentido estético.
- Interese pola observación do funcionamento da linguaxe.
- Preocupación pola correcta presentación dos traballos escritos.
- Formación de criterios e gustos persoais na elección de lecturas.

De observarse que algún dos alumnos dos grupos flexibles alcanzase unha preparación básica propia de 2º curso de ESO, sería incorporado ás clases de lingua galega e literatura da programación normal.

VALORACIÓN DOS AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS

A.- Aspectos positivos

1.- PLANIFICACIÓN

- a) O obxectivo principal é apoia-lo alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe. Conséguese de forma adaptada ó contexto socio-económico e cultural do centro e ás características do alumnado, así como ós recursos do propio centro.

- b) Tódolos membros da comunidade educativa participaron dunha maneira ou outra na planificación e desenvolvemento do proceso, desde os pais ata o claustro, comisión de coordinación pedagóxica, etc., e en especial os departamentos de lingua galega e matemáticas, o equipo directivo e o departamento de orientación. Esta participación vai desde a planificación ata a posta en práctica.
- c) As decisións tomáronse por consenso de tódolos sectores implicados.
- d) O proxecto foi elaborado polo centro a partir da propia experiencia e coa axuda de materiais curriculares diversos, entre eles o PCC dalgún dos centros de primaria adscritos, o que implica unha maior relación entre centros.
- e) O proxecto axústase á normativa, xa que se elaborou seguindo as directrices da circular Nº 9 da Dirección xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se dictan instrucións para a atención á diversidade nos centros de ESO.
- f) Responde a unha necesidade educativa do centro e resulta útil para mellora-la práctica educativa.
- g) O uso de espazos e recursos defínese con precisión, así como a temporalización. Así mesmo conséguese concreta-la atención á diversidade en actuacións precisas e temporizadas.
- h) As programacións de área realizáronse polos departamentos didácticos correspondentes en colaboración co departamento de orientación.
- i) Os criterios para a inclusión dos alumnos nos grupos permiten a operatividade e a obxectividade.

2.- CLIMA

- a) Os profesores que lles imparten docencia directa a estes alumnos manifestan estar satisfeitos tanto da dinámica dos grupos como dos resultados, e resalta o feito de que poden traballar adaptándose mellor ás características individuais de cada alumno.
- b) Os profesores do grupo de referencia tamén mostran estar satisfeitos, porque ó quedar menos alumnos na aula e máis uniformes poden obter mellores resultados.
- c) A satisfacción do alumnado tamén é alta, así como a dos pais. É de reseñar que alumnos que non están incluídos nestes agrupamentos solicitan voluntariamente formar parte deles.
- d) As relacións profesores/alumnos e alumnos/alumnos vense favorecidas e obsérvase unha melloría nas actitudes e comportamentos do alumnado.
- e) Os problemas de conducta vense tamén reducidos.

3.- RECURSOS

- a) Os recursos materiais (mobiliario, espacios, materiais curriculares, etc.) resultan ser suficientes.

Nota: o departamento de orientación adquiriu materiais curriculares de primaria para lles proporcionar recursos ós profesores.

4.- PROCESO DE APLICACIÓN

- a) A aplicación supuxo melloras na forma de desenvolve-lo traballo docente dos profesores, que utilizan máis estratexias, actividades e materiais variados, fan as clases máis dinámicas e participativas e se adaptan mellor ós coñecementos previos dos alumnos.
- b) Poténciase o coñecemento dos alumnos dos seus intereses e coñecementos previos, o que permite deseñar actividades adecuadas a cada un.
- c) Posibilitábase unha relación máis personalizada con cada alumno e coas familias.

B) Aspectos deficitarios

1.- PLANIFICACIÓN

- a) Bótase en falta unha estratexia para o proceso de revisión e mellora, así como de ampliación se procede.
- b) Os contidos recollidos nas programacións das áreas seguen resultando difíciles para este tipo de alumnos.
- c) Non todo o profesorado participou activamente na planificación e posta en práctica, polo que estes profesores non se sinten implicados directamente.
- d) Falta planificar horas para reunións de coordinación do equipo docente, dos titores e co equipo directivo e departamento de orientación.
- e) Aínda que os criterios de selección dos alumnos resultaron eficaces, a variabilidade dentro dos grupos segue a ser moita porque se mesturan atrasos escolares con problemas de conducta.
- f) Os criterios para a avaliación dos alumnos e para a súa incorporación ó grupo de referencia non están ben definidos.

2.- RECURSOS

- a) As dificultades de organización horaria do profesorado obrigounos a que os alumnos teñan que asistir a dúas áreas adaptadas. Cando se fixo a selección do alumnado tívose

en conta isto, pero á hora de incorporar un alumno ó seu grupo de referencia non podemos facelo nunha soa área.

- b) A falta de estabilidade laboral do profesorado inflúe nos resultados e dificultanos a continuidade.

3.- PROCESO

- a) Os profesores do grupo de referencia “pérdenlle a pista” a estes alumnos nas áreas adaptadas, o que dificulta a incorporación ó grupo de referencia.
- b) Bótase de menos unha maior coordinación entre os responsables da planificación e os profesores encargados da aplicación.
- c) O principal problema atopámolo nos criterios de avaliación dos alumnos. Na práctica estamos traballando con contidos conceptuais e procedementais dun nivel de segundo ciclo (e mesmo de primeiro ciclo) de educación primaria, que é o que lle corresponde ó nivel real dos alumnos, pero para decidi-la promoción nos temos que referir ós criterios de avaliación establecidos para o grupo de referencia. Isto resulta difícil de entender para os alumnos e tamén para os pais.

Respecto ós alumnos, traballan con satisfacción, están motivados e realmente progresan dentro das súas posibilidades, pero agás excepcións non son capaces de chegar ós niveis do grupo de referencia, o que implica que non van poder promocionar e se sintan desmotivados.

Coa información ás familias témo-lo mesmo problema: dicímoslles que os rapaces están progresando pero que non van poder aprobar e respóndennos que entón é mellor que non estean nese grupo.

- d) Dado que por imposibilidade de organiza-los horarios doutra maneira, os alumnos teñen que asistir a dúas áreas. Cando consideramos que un alumno se pode incorporar ó grupo de referencia nunha área, teno que facer tamén na outra ou quedar sen incorporar.

SUXESTIÓNS

- Tratar de solucionar los aspectos deficitarios observados.
- Ampliar a outras áreas ou materias, xa que queda reducido o apoio ás áreas instrumentais.
- Axusta-las programacións de aula ós niveis reais do alumnado.
- Tratar de lles dar respostas diferentes ós alumnos con atraso escolar simple, diferenciándoo dos alumnos con problemas de conducta.
- Articular mecanismos de coordinación.

- Liberación horaria ós profesores responsables e ós titores para a coordinación.
- Proporcionarlles formación ós profesores sobre técnicas de traballo, pequeno grupo, etc.
- Establecer criterios para a selección dos profesores encargados destes grupos: destino definitivo, experiencia en educación primaria, etc.
- Reflexionar no centro sobre os contidos mínimos.
- Establecer mecanismos para que os alumnos destes grupos podan teñan acceso a probas ou exames do grupo de referencia.

RESULTADOS DA PRIMEIRA AVALIACIÓN

Área de lingua galega:

Cualificados con suficiente: 19 alumnos.

Cualificados con insuficiente: 4 alumnos.

Área de matemáticas:

Cualificados con ben: 2 alumnos.

Cualificados con suficiente: 10 alumnos.

Cualificados con insuficiente: 11 alumnos.

ALUMNOS QUE SE INCORPORAN Ó GRUPO DE REFERENCIA

Incorporáronse 3 alumnos.

Nota: Un destes alumnos obtivo nun control de matemáticas no grupo de referencia a máxima puntuación da súa clase.

PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR **IES "IES "PEDRA DA AUGA" DE PONTEAREAS. PONTEVEDRA**

PROXECTO PARA A FORMACIÓN DE AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS COMO MEDIDA DE APOIO

- Criterios.
- Horarios: número de horas.

- Contorno do centro.
- Uso da lingua galega.

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS DA PRIMEIRA AVALIACIÓN

Nivel de satisfacción:

- No alumno.
- No profesorado.
- No equipo directivo.
- Nos pais ou representantes legais.
- No equipo de orientación.

Nivel de implicación:

- Dos titores e titoras
- Do claustro.
- Do equipo de orientación.
- Xustificación dos desdobramentos.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. IES PEDRA DA AUGA DEPONTEAREAS

PROXECTO PARA A FORMACIÓN DE AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS COMO MEDIDA DE APOIO

Crterios

O principal criterio seguido á hora da formación dos agrupamentos específicos neste centro foi a busca do desenvolvemento integral do alumno ou alumna, sempre intentando responder á necesidade de dar solucións educativas adaptadas ás diferencias individuais de cada un deles, nun contexto educativo de flexibilidade metodolóxica que, pensamos, é un principio fundamental para lle dar resposta á pluralidade que detectamos no noso alumnado.

O alumnado que integra estes agrupamentos específicos "transitorios" recibe apoio das áreas curriculares que teñen un claro carácter instrumental para seguir aprendendo, como é o caso da lingua e das matemáticas. De feito, na selección dos alumnos e alumnas que ían integrar estes grupos colaboraron a orientadora, a xunta de avaliación dos distintos grupos e a comisión de coordinación pedagóxica, e todos coincidiron na necesidade destes alumnos e alumnas de recibir apoio nestas áreas.

Con esta medida pretendemos motivar a mellora da autoestima deste alumnado que dificilmente poderá seguir o ritmo de aprendizaxe ordinario da súa aula coas medidas de reforzo típicas.

Horario: número de horas.

A confección dos horarios dos distintos agrupamentos específicos non presentou grandes dificultades. O único problema co que nos atopamos foi a imposibilidade de simultaneármolas dúas áreas implicadas (lingua Galega e matemáticas) no segundo curso de ESO, xa que a carga lectiva de matemáticas é de tres horas á semana e a de lingua galega soamente de dúas. Isto obrigou a agrupar dúas horas de matemáticas en vez de tres.

Por suposto, o profesorado implicado imparte a materia tanto no grupo de referencia como no agrupamento específico.

Nota: xuntámo-las horarios dos grupos afectados por esta medida organizativa, tanto os dos grupos de referencia como os dos grupos específicos.

Grupos afectados polos agrupamentos específicos (relaciónanse en letra gorda os agrupamentos específicos):

ES1A
S1A
ES2A
S2A
ES3A
S3A
ES3B
S3B

HORARIOS

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:45 09:35	Sociais	2ª Lingua	E. Física	Plástica	Galego
09:35 10:25	Inglés	Matemáticas	Inglés	Titoría	Plástica (Plas)
10:25 11:15	Naturais	Sociais	Sociais	E. Física	Tecnoloxía

O alumnado que integra estes agrupamentos específicos "transitorios" recibe apoio das áreas curriculares que teñen un claro carácter instrumental para seguir aprendendo, como é o caso da lingua e das matemáticas. De feito, na selección dos alumnos e alumnas que ían integrar estes grupos colaboraron a orientadora, a xunta de avaliación dos distintos grupos e a comisión de coordinación pedagóxica, e todos coincidiron na necesidade destes alumnos e alumnas de recibir apoio nestas áreas.

Con esta medida pretendemos motivar a mellora da autoestima deste alumnado que dificilmente poderá seguir o ritmo de aprendizaxe ordinario da súa aula coas medidas de reforzo típicas.

Horario: número de horas.

A confección dos horarios dos distintos agrupamentos específicos non presentou grandes dificultades. O único problema co que nos atopamos foi a imposibilidade de simultaneármolas dúas áreas implicadas (lingua Galega e matemáticas) no segundo curso de ESO, xa que a carga lectiva de matemáticas é de tres horas á semana e a de lingua galega soamente de dúas. Isto obrigou a agrupar dúas horas de matemáticas en vez de tres.

Por suposto, o profesorado implicado imparte a materia tanto no grupo de referencia como no agrupamento específico.

Nota: xuntámo-las horarios dos grupos afectados por esta medida organizativa, tanto os dos grupos de referencia como os dos grupos específicos.

Grupos afectados polos agrupamentos específicos (relaciónanse en letra gorda os agrupamentos específicos):

ES1A
S1A
ES2A
S2A
ES3A
S3A
ES3B
S3B

HORARIOS

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:45 09:35	Sociais	2ª Lingua	E. Física	Plástica	Galego
09:35 10:25	Inglés	Matemáticas	Inglés	Titoría	Plástica (Plas)
10:25 11:15	Naturais	Sociais	Sociais	E. Física	Tecnoloxía

11:55 12:45	Castelán	Relixión (0) Actividades	Castelán	Tecnoloxía	Matemáticas
12:45 13:35	2ª Lingua	Naturais	Galego	Matemáticas	Naturais
13:35 14:25	Relixión (0) Actividades	Castelán	Plástica (Plas)	Galego	Inglés

16:20	
17:10	
17:10	
18:00	

Horario curso 1999/2000
Grupo: ES1A
Aula: 25

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:45 09:35					Matemáticas (8)
09:35 10:25		Galego (2)			
10:25 11:15					

11:55 12:45					Galego (24)
12:45 13:35			Matemáticas (8)	Galego (24)	
13:35 14:25				Matemáticas (24)	

16:20	
17:10	
17:10	
18:00	

Horario curso 1999/2000
Grupo: S1A
Aula: 25

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:45 09:35	Tecnoloxía	Sociais	Sociais	Galego	Naturais
09:35 10:25	Tecnoloxía	Naturais	Titoría	Música	Castelán
10:25 11:15	2ª Lingua (8) Taller	Matemáticas	2ª Lingua Taller (4)	Naturais	Música

11:55 12:45	Matemáticas	Tecnoloxía	Relixión Actividades (0)	Castelán	E. Física
12:45 13:35	Inglés	Tecnoloxía	Matemáticas	Relixión Actividades (0)	Inglés
13:35 14:25	E. Física	Galego	Música	Inglés	Sociais

16:20	
17:10	
17:10	
18:00	

Horario curso 1999/2000
Grupo: ES2A
Aula: 3

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. A ESCOLA INTERCULTURAL

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:45 09:35				Matemáticas (4)	
09:35 10:25					
10:25 11:15		Galego (10)			
11:55 12:45	Galego (10)				
12:45 13:35			Matemáticas		
13:35 14:25		Matemáticas (10)			
16:20 17:10					
17:10 18:00					

Horario Curso 1999/2000
Grupo: S2A
Aula: 25

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:45 09:35	Sociais	Relixión (24) Actividades	Naturais Naturais (5)	Titoría	Castelán
09:35 10:25	Naturais	Naturais (5)	E. Física	Matemáticas	Matemáticas
10:25 11:15	E. Física	Galego	Música	Música	Inglés Inglés (3)
11:55 12:45	Relixión (0) Actividades	Plástica	Tecnoloxía	Sociais	Galego
12:45 13:35	Castelán	Inglés	Galego	Plástica	I. Electr.
13:35 14:25	Inglés	Matemáticas	Castelán	I. Electr.	Sociais
16:20 17:10	Tecnoloxía				
17:10 18:00	Tecnoloxía				

Horario curso 1999/2000
Grupo: ES3A
Aula: 7

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:45 09:35					
09:35 10:25				Galego (1)	Galego (1)
10:25 11:15		Matemáticas (9)			

11:55 12:45					Matemáticas (Plas)
12:45 13:35			Matemáticas (9)		
13:35 14:25		Galego (P3)			

16:20	
17:10	
17:10	
18:00	

Horario curso 1999/2000
Grupo: S3A
Aula: 7

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:45 09:35	Sociais	Naturais Naturais(5)	Galego	Matemáticas	E. Física
09:35 10:25	Relixión Actividades (0)	Castelán	Inglés	Relixión Actividades (0)	Música (Mus)
10:25 11:15	Tecnoloxía	Galego	Naturais	Inglés	Naturais

11:55 12:45	Galego	Matemáticas	E. Física	Castelán	Inglés Inglés (3)
12:45 13:35	Matemáticas	Titoría	Tecnoloxía	I. Mecánica	I. Mecánica
13:35 14:25	Música (Mus)	Sociais	Tecnoloxía	Plástica	Sociais

16:20	
17:10	
17:10	
18:00	

Horario curso 1999/2000
Grupo: ES3B
Aula: 8

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08:45 09:35			Matemáticas (9)	Galego (Plas)	
09:35 10:25					
10:25 11:15		Matemáticas (4)			

11:55 12:45	Matemáticas (Mús. ant)	Galego			
12:45 13:35	Galego (9)				
13:35 14:25					

16:20	
17:10	
17:10	
18:00	

Horario curso 1999/2000
Grupo: S3A
Aula: 7

Contorno do centro

O IES Pedra da Auga é un Instituto emprazado nunha zona semirural. O alumnado adscrito procede de dous colexios ben diferenciados: Santiago de Oliveira, que é eminentemente rural e que aporta un 20% do alumnado, e Bouza Brey que está na localidade e que aporta o resto.

Esta diferenza na súa procedencia marca tamén desigualdades nas capacidades de aprendizaxe dos nenos e nenas. O alumnado que provén do CP Santiago de Oliveira ten máis dificultades de acceso a medios como bibliotecas, cines, teatros, cibercafé, etc., vive en casas familiares illadas unhas doutras e o contexto familiar, desde o punto de vista académico, é moi diferente; mentres que o alumnado que provén do CP Bouza Brey, polo feito de localizarse na localidade ou no contorno urbano, ten mellor resolto o acceso ós medios externos educativos antes mencionados, e o nivel académico das súas familias é bastante superior.

O feito de os alumnos e alumnas integrados nos agrupamentos específicos do primeiro ciclo proviren, na súa maior parte, do CP Santiago de Oliveira confirma a estreita relación existente entre aprendizaxe e medio socio-cultural familiar.

Uso da lingua galega.

A cuestión está implícita no apartado anterior; é dicir, pola súa procedencia rural ou semirural, unha porcentaxe enorme do alumnado ten como lingua materna a lingua galega e ademais, como está recollido no PEC do noso centro, un dos seus obxectivos referidos á aprendizaxe, valores, hábitos e conductas é o de mante-la fidelidade lingüística no noso alumnado galegofalante para evita-lo abandono da propia lingua e supera-los usos diglósicos, así como o de fomenta-lo uso da lingua galega entre o alumnado castelanfalante, mediante o uso de incentivos concretos que se consideren oportunos.

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS DA PRIMEIRA AVALIACIÓN

Nivel de satisfacción dos diferentes estamentos

No alumnado

Pensamos que é bastante satisfactorio, porque a integración do alumnado dos agrupamentos específicos no seu grupo de referencia, malia de non iren xuntos a dúas materias, é perfecta; cúmprese, por tanto, o principio da LOXSE de respecta-la heteroxeneidade procurando ó mesmo tempo o desenvolvemento integral do alumno ou alumna en grupos homoxéneos de idade.

Foron inevitables os comentarios entre a xuventude, sobre todo ó principio, tales como: “Mirade, aí van os burros”, etc. Pero o labor titorial, por un lado, e a propia marcha do curso foron limando este tipo de conductas.

Os resultados académicos están á vista, e os comentarios do profesorado implicado mostran o beneficioso desta medida organizativa. Dada a flexibilidade e a transitoriedade destes agrupamentos, algúns rapaces e rapazas xa foron integrados no seu grupo de referencia e, pola contra, outros foron integrados nos agrupamentos, cumprindo así, en todo momento, a idea de medida de apoio constante que ten esta medida de atención á diversidade.

No profesorado

Remitímo-los escritos persoais do profesorado implicado nos que se fala das súas impresións. Como se apreciará son bastante positivas.

No equipo directivo

A nosa impresión como membros do equipo directivo é tamén positiva; ata tal punto que o máis negativo para nós foi non podermos organizar esta medida de atención á diversidade para os cursos 4º de ESO, dada a carencia de aulas e de profesorado.

IMPRESIÓNS DO PROFESORADO DO IES PEDRA DA AUGA IMPLICADO NOS AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS

SEGUIMIENTO DO PROXECTO DE TRABALLO DESENVOLVIDO NOS GRUPOS DE 3º DE ESO CON AGRUPAMENTO FLEXIBLE EN LINGUA GALEGA

Características xerais dos grupos en que se desenvolve o proxecto

Na avaliación inicial, detectamos, entre outros, os seguintes problemas:

- Grandes carencias nos usos instrumentais da lingua, dificultades na comprensión e na expresión, oral e escrita, desorganización do discurso, e todo o que iso implica á hora de adquirir calquera coñecemento.
- Falta de hábitos de traballo.

- Desmotivación relacionada con todo o anterior, desinterese por calquera traballo escolar. As dificultades e a falta de hábito de traballo levan ás veces a un bloqueo ante calquera tarefa de tipo intelectual: comprender, reflexionar, analizar, etc.
- Os tres aspectos anteriores, aínda comúns nos grupos, teñen en cada alumno ou alumna peculiaridades propias, relativas a dificultades particulares, a escolarización previa de cada un, a situación persoal, familiar e social, que condicionan o estado en que estes alumnos e alumnas se atopan na aula e fronte ó seu propio proceso de aprendizaxe.

Grao de consecución dos obxectivos e axuste co proxecto inicial

Levamos pouco máis dun trimestre traballando nestes grupos e soamente podemos facer unha análise parcial. Neste momento, apuntámo-las seguintes consideracións:

- O proxecto que fixemos tiña como referente a programación do curso, e centrámonos nos aspectos instrumentais da lingua; pois ben, estes aspectos están sendo o centro de nosa atención. Mentres non alcancemos unha certa soltura na comprensión e na organización do discurso, tanto oral como escrito, non podemos acceder a aprendizaxes máis abstractas e complexas.
- A falta de motivación cara ó traballo escolar fai que teñamos que reformularnos cada día as actividades que presentamos para intentar conectar, dalgunha maneira, cos seus intereses e conseguir que as aprendizaxes sexan significativas.
- Canto ó grao de consecución dos obxectivos, se o miramos en función do progreso de cada alumno ou alumna, cremos que é moi satisfactorio porque, neste momento, empezamos a conseguir que se interesen polas actividades, que teñan certos hábitos de traballo e un mellor uso da lingua: ler, escribir, escoitar e comprender, falar, etc.
- Pensamos que o proceso é longo; non se poden superar en tres meses carencias importantes, sobre todo tendo en conta que, na maior parte ou en tódolos casos, os problemas de aprendizaxe destes alumnos e alumnas van acompañados de situacións persoais, familiares e sociais desfavorables, e da nula valoración social que se lle da ó traballo intelectual no seu contorno e, mesmo, na sociedade en xeral.

Síntese do proceso de avaliación empregado

A avaliación dos progresos na aprendizaxe fixémosla cos seguintes procedementos:

Observación do traballo diario na clase; partindo desta observación preparámo-las actividades con vistas a solucionar os problemas e conectar cos intereses dos alumnos e alumnas.

- Traballos escritos de diversos tipos.
- Produción de texto orais, individuais e en grupo.
- Probas nas que demostren a adquisición de diferentes destrezas.

A avaliación do traballo desenvolvido, da que extraémo-las conclusións que indicamos de seguido, fíxose partindo de nosa propia reflexión e tamén das opinións dos alumnos e alumnas, manifestadas nas clases, cando nos formulamos unha avaliación do conxunto de resultados desta experiencia.

CONCLUSIÓNS

1. Tanto nós como os alumnos e alumnas, valoramos moito a experiencia de traballar nos grupos flexibles. Os resultados serán mellorables na medida en que corriamos erros que a práctica nos vai demostrando pero, en calquera caso, agora xa resulta ser beneficioso e mesmo necesario que os alumnos e alumnas con problemas importantes traballen en grupos reducidos.
2. A atención á diversidade, da que fala a lei, só será posible nestes grupos, onde podemos observar e respecta-lo traballo e os intereses de cada alumno e alumna.
3. Se a escola pretende ofrecer unha educación que compense, dalgunha maneira, as desigualdades sociais, ten que da-la posibilidade de que, na aula, o profesor poida atender a cada alumno e alumna segundo as súas necesidades, e esta atención é imposible en grupos numerosos.
4. Opinión dos alumnos e alumnas respecto á súa experiencia no grupo.

Os alumnos e alumnas din que, ó principio, sentían como que eran “especiais”, en sentido negativo, pero agora están contentos; cren que traballan moito máis porque o profesor pode prestarlle atención a cada un cando ten algunha dificultade, e mesmo se senten estimulados porque ven que son capaces de facer cousas cada vez máis difíciles. Tamén, como son poucos, non poden eludi-la responsabilidade do traballo de cada día, o que lles supón esforzo pero lles resulta satisfactorio.

5. Como conclusión final diremos que, mesmo tendo en conta o incompleto desta valoración, a experiencia resultou moi positiva.

M^a Xosé Rial Conde
 Profesora de lingua e literatura galegas
 IES Pedra da Auga de Ponteareas.

AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS NO IES PEDRA DA AUGA DE PONTEAREAS

O curso de 3º B de ESO é un grupo de 30 alumnos/as no que nas materias de lingua galega e matemáticas se desdobran en dous grupos de 15.

O grupo de 15 alumnos/as que reciben un tratamento “específico” está formado por alumnos/as que repiten terceiro ou promocionan dende segundo por idade. No caso da materia de galego isto correspóndese, neste grupo, con alumnos con distintos problemas. Por un lado os alumnos que promocionan desde segundo presentan moitas carencias (deficiencias na lectura e na escritura graves), mentres que os que repiten terceiro teñen un nivel máis próximo ó do grupo de referencia. Nestes as diferencias débense en grande medida á falta de hábitos de estudos, de traballo individual. Isto correspóndese en bastantes casos (e cremos que niso ten a súa causa principal) cun nivel socioeconómico baixo (en grande parte das familias soamente traballa un membro, normalmente o pai, e as profesións máis habituais son a construción, albanelería, camioneiros, etc.) ou cunha situación familiar difícil. É necesario entón deixar claro que o contexto do noso centro é dunha zona rural bastante deprimida, dito isto de maneira impresiva.

Canto ós resultados do agrupamento específico desde o punto de vista da profesora é positivo en canto permite un tratamento máis axustado ás necesidades específicas do grupo. Desde o punto de vista do alumnado non parece haber problemas de se sentiren minusvalorados; algúns valóranos positivamente, pois son conscientes de que permite maior e mellor atención.

Os resultados obtidos na primeira avaliación son peores cós do grupo de referencia pero si se observan melloras especialmente naqueles alumnos que presentaban, de partida, menos dificultades na lecto-escritura.

AGRUPAMENTO ESPECIAL: 2º A 1º CICLO DE ESO

Nº DE ALUMNOS: 14, procedentes todos da mesma aula.

Nivel académico do grupo: 3º e 4º de primaria

- A maioría pasou pola aula de educación especial no centro de primaria do que procede.
- Algúns nenos en ocasións teñen un mal comportamento na aula; non obedecen, levántanse do asento, falan a berros e nalgunhas ocasións néganse a traballar e póñense a falar de temas que a eles lles interesan (coches, fútbol, etc.).
- Os exercicios que realizan e que mellor aceptan son:
 - * Operacións (suma, resta e multiplicación). Algúns dividen con dificultade.
 - * Problemas aritméticos con tres operacións como máximo (dúas multiplicacións e unha suma).
 - * Series de números.
- Os alumnos están máis cómodos nesta aula de agrupación específica que na aula de 2ºA á que pertencen.
- Entusiásmalles resolver no encerado os exercicios.

- Cando estes alumnos están na aula de agrupación específica, os restantes alumnos de 2º A obteñen un maior rendemento, tanto en galego como en matemáticas, ó non existir interrupcións, faltas de disciplina, etc., e prefiren que non estean na clase con eles.
- Como profesor síntome máis a gusto, pois as clases do curso 2º A, ó non haber interrupcións e ser menor o número de alumnos, permite unha maior individualización cun mellor rendemento do alumnado.
- Na clase do agrupamento específico, polo seu reducido número, o ensino está totalmente individualizado, o que axuda moito o alumno, pois ata o máis díscolo ou o máis inso-ciable, ó estar man a man co profesor, acepta realiza-lo exercicio.
- Tres dos alumnos que comezaron neste grupo reintegráronse á clase normal pola súa boa actitude para o traballo escolar.
- Con este grupo de alumnos non se pode pensar na súa recuperación para integralos ó nivel académico dos seus compañeiros de clase.

Pontareas, febreiro de 2000

AGRUPAMENTO ESPECIAL: S3A (CORRESPONDE Ó GRUPO ES3A)

Nº de alumnos: 15

Número de repetidores: 10

Resultados da primeira avaliación:

- SB: 0 alumnos.
- N: 4 alumnos.
- B: 1 alumno.
- SF: 4 alumnos.
- IN: 1 alumno (por absentismo).

Comentario:

Como se pode observar na estatística do grupo, na área de matemáticas os resultados académicos son relativamente bos (superou a materia o 60%).

Cun grupo reducido de alumnos por aula pódense conseguir resultados mellores que no caso da masificación doutras. Non embargante, dos seis alumnos cualificados negativamente en tres

casos foi polo baixo rendemento no final do trimestre mentres que nos outros tres foi pola súa actitude de abandono ó longo de todo o trimestre. Para estes alumnos nin sequera estes grupos específicos parecen ofrecer solución.

GRUPOS DE REFORZO DE 1º E 2º DE ESO (GALEGO)

Tendo en conta a diversidade do alumnado e segundo o ritmo de aprendizaxe, parécenme moi acertados estes grupos de reforzo por:

- 1.- Seren grupos máis reducidos.
- 2.- Seguindo os principios metodolóxicos da reforma educativa tratamos de desenvolver actividades creativas, motivadoras e con distintos niveis de dificultade que facilitarán e favorecerán a aprendizaxe do alumnado, acorde cos seus intereses e diversidade de niveis.
- 3.- Outra cuestión para ter en conta é o contorno sociofamiliar, xa que son rapaces/as con problemas de conducta.

GRUPO DE REFORZO DE 1º DE ESO

O curso comezou con 14 alumnos/as.

Dous deles acoden á aula de apoio nunha sesión e ós demais dáselles un nivel de acordo coas súas capacidades. Un alumno e unha alumna xa foron integrados na súa aula.

GRUPO DE REFORZO DE 2º DE ESO

O curso comezou con 14 alumnos/as.

Dous deles acoden á aula de apoio nunha sesión.

A maioría son rapaces/as son moi difíciles e con capacidades moi baixas.

Tres alumnos xa foron integrados na súa aula.

Suxestións:

Penso que se debe reforzar en grupo, xa que permite a interacción entre iguais.

Grupos reducidos.

Deberían ter reforzo en máis materias.

Facendo estes grupos de reforzo os compañeiros/as poden ter un nivel máis elevado.

3º B - ESO

O grupo flexible S3B está formado por 14 alumnos.

A súa actitude ó principio do curso era negativa por se consideraren discriminados, pero á vista dos resultados obtidos, actualmente todos, excepto dous, están satisfeitos e traballando.

No mes de outubro o nivel era moi inferior respecto ó grupo ES3B pero a partir dese mes fomos aumentando o ritmo e xa ó final da primeira avaliación estaban ó mesmo nivel.

Actualmente os dous seguen o mesmo nivel e, mesmo, os resultados son superiores como media xeral.

Hai dous alumnos que non están en absoluto integrados e néganse a iso. Un deles tivo durante varios cursos adaptacións curriculares. Neste curso, por decisión do gabinete psicopedagóxico, non ten ningunha e négase a traballar na maioría das materias. A outra alumna ten reiteradas faltas de asistencia.

Resultados da primeira avaliación.

NT	1
B	2
SF	5
IN	6

Nos pais, nais ou representantes legais

Pensamos que son os que mostran un máis alto grao de satisfacción pola introducción desta medida organizativa no noso centro. Non houbo ningún pai, ningunha nai nin representante legal que viñera a queixarse; máis ben, pola contra, á vista dos resultados, felicítannos pola adopción de tal medida.

No equipo de orientación

Dado que non temos aínda un orientador nin orientadora con destino definitivo no centro, o profesor orientador interino que colaborou na formación destes agrupamentos xa non está aquí para face-lo labor de seguimento, pero a persoa que realiza esta función neste curso en ningún momento mostrou ningunha observación negativa e está colaborando co profesorado, alumnado, equipo directivo e pais, nais ou representantes legais na boa marcha desta medida organizativa. De feito, nunhas xornadas de orientación celebradas en Vigo, nos días 2 e 3 de febreiro do ano en curso, o noso centro foi posto como modelo de instituto pioneiro e modelo para seguir polos demais centros na implantación destas medidas organizativas da atención á diversidade.

NIVEL DE IMPLICACIÓN DOS DIVERSOS ESTAMENTOS

Do titores e titoras

A implicación dos titores foi e segue a ser total. Sen o seu labor de explicación dos argumentos tidos en conta á hora da confección dos grupos ós seus membros, o éxito da medida non existiría. É de resaltar que a súa función non termina en ningún momento, pois son eles os que, en función do traballo do equipo de avaliación do grupo, lles comunican ós alumnos e alumnas afectados e ós seus pais, nais ou representantes legais, a conveniencia da integración nestes agrupamentos específicos.

Do claustro

O claustro, no seu momento, en función da información recibida da comisión de coordinación pedagóxica acerca destas medidas organizativas para a atención á diversidade, aceptou de bo grado a súa adopción e colaborou, a través dos departamentos didácticos, na súa posta en marcha.

Xúntanse as programacións didácticas dos departamentos implicados nestas medidas organizativas de atención á diversidade.

Do equipo de orientación

Como xa dixemos nun apartado anterior, o seu labor foi fundamental á hora de confeccionar as listaxes dos alumnos e alumnas susceptibles de seren integrados nos distintos agrupamentos específicos. Esta implicación segue sendo fundamental para a boa marcha do proxecto, dado o asesoramento que lle dá ó profesorado e ó alumnado implicado.

Xustificación dos desdobramentos

A xustificación vén implícita nos apartados anteriores e na propia filosofía educativa que implica a atención á diversidade.

Nivel de incidencia no centro

Dadas as características físicas do noso instituto, a variedade da nosa oferta educativa e o cadro do profesorado con que conta, foi dificultoso pór a andar esta medida organizativa, sobre todo por carencia de aulas e de profesorado suficiente. Xa dixemos noutro apartado que estas carencias obrigáronnos a prescindir de adoptar esta medida de apoio educativo nos cursos de 4º da ESO.

A incidencia máis significativa é o deambular destes grupos desdobrados polo centro á busca de aulas nas que recibi-las clases e, por suposto, o esforzo do profesorado implicado na elaboración e impartición dunha programación didáctica adaptada á filosofía educativa dos agrupamentos específicos.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS, ADAPTADA ÓS AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS DE ESO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ADAPTADA Ó PRIMEIRO CICLO DE ESO

Obxectivos

Tendo en conta os obxectivos xerais determinados na programación de lingua e literatura galegas, nos agrupamentos específicos habería que logra-los seguintes:

- Desenvolvemento da competencia lingüística necesaria, tanto no nivel oral como no escrito, para que o alumnado exprese de forma correcta e ordenada os seus pensamentos e sentimentos, utilizando o vocabulario adecuado e específico de cada materia.
- Comprensión e construción de textos orais e escritos (literarios, científicos, xornalísticos, coloquiais, administrativos, etc.).
- Corrección ortográfica.
- Recoñecemento das categorías básicas da lingua: clases de palabras e estruturas oracionais básicas.
- Adquisición dunha bagaxe léxica básica: literaria, técnica, científica, etc.
- Fomento do gusto pola lectura.

Contidos

- A lingua oral. Características. A correcta pronunciación dos fonemas galegos.
- A lingua escrita. Características. Correcta interpretación. Tipos.
- Elaboración de textos escritos de diferentes tipos.
- Reflexión sobre a lingua: as clases de palabras.
- A lingua literaria. Características.

Procedementos

- Fomenta-lo diálogo, a atención e o respecto polos demais.
- Utiliza-lo diccionario.
- Utiliza-lo vocabulario básico do tema.
- Ler en voz alta textos, articulando adecuadamente os fonemas e utilizando a entoación e a acentuación correctas.
- Practica-la lectura silenciosa.
- Practica-la velocidade na lectura, tanto oral como silenciosa.
- Formular xuízos persoais sobre o texto lido, dando argumentos coherentes.

Recuperación

A recuperación para os alumnos que non consigan unha avaliación positiva tratarase de maneira individual con cada alumno, establecendo o plan de actividades, traballos ou lecturas que debe realizar.

Materiais e recursos

- Libro de texto.
- Textos procedentes de diferentes medios.
- Libros de lectura e consulta.
- Diccionarios, xornais, etc.

PROXECTO DE TRABALLO PARA OS GRUPOS DE 3º DE ESO CON AGRUPAMENTO FLEXIBLE EN LINGUA GALEGA

Xustificación

- Tendo en conta os grupos de alumnos ós que vai dirixido este proxecto, cremos necesario face-las seguintes consideracións:
- Pretendemos seguir, en liñas xerais, o programa deseñado para 3º de ESO.

- O programa de contidos conceptuais será adaptado, de maneira que os aspectos teóricos sexan reducidos ós imprescindibles, tratando sempre de aplicalos á lingua oral ou escrita nos seus diferentes usos.
- O menor número de alumnos permite unha atención máis individualizada e a axuda ó alumno nas súas dificultades.
- Procuraremos detecta-las deficiencias nas aprendizaxes, sobre todo nos aspectos básicos, para deseñarmos actividades adecuadas ás necesidades dos alumnos.
- As propostas de traballo centraranse nas aprendizaxes fundamentais na área de lingua: comprender textos orais e escritos, expresarse oralmente e por escrito, ter capacidade crítica ante calquera texto, etc.
- Procuraremos que as aprendizaxes sexan significativas.

Obxectivos

Tomamos como referencia os obxectivos xerais para a área de lingua galega que propón o DCB e aparecen no proxecto elaborado neste centro para o curso 1999-2000.

Programa de contidos, actividades e metodoloxía

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- A lingua oral. Características. Os textos orais. Formas. O sistema fonolóxico galego. Fonema. Sílabas. Acentuación
- Lingua escrita. Funcións. Os textos escritos. Características. Tipos.
- Variantes lingüísticas. As variedades xeográficas.
- Reflexión sobre a lingua:
 - O substantivo e o adxectivo
 - O pronome persoal.
 - Demostrativos, posesivos, indefinidos e numerais.
 - O verbo.
 - Os adverbios.
 - O significado das palabras: sinonimia e polisemia.
- A lingua literaria. Peculiaridades. Os xéneros. A narrativa. A lírica. A dramática.
- Os medios de comunicación. Información e opinión. A publicidade.

CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

Os alumnos destes grupos teñen moitas deficiencias nos contidos procedementais; o noso traballo céntrase na adquisición de destrezas necesarias para a área de lingua, para as aprendizaxes noutras áreas e na vida cotiá.

- Interpretación de textos orais e escritos.
- Produción de textos orais e escritos.
- Análise de textos.
- Resumo.
- Planificación á hora de elaborar textos de diferentes tipos.
- Selección e consulta de fontes.
- Técnicas para revisión e mellora de textos escritos con axuda de dicionarios.
- Utilización dos medios de comunicación como fonte de información, formación e diversión.
- Análise de mensaxes publicitarias con atención á estratexia persuasiva adoptada: soporte, psicoloxía do receptor, linguaxe verbal, música, etc.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Conciencia da importancia do uso adecuado da lingua oral e escrita para a vida social.
- Valoración do respecto polas normas que rexen o intercambio comunicativo.
- Valoración da lingua galega e da riqueza que supoñen as variedades dialectais.
- Conciencia da necesidade de interpretar adecuadamente as mensaxes que reciben procedentes dos medios de comunicación.

METODOLOXÍA

Pretendemos unha aprendizaxe significativa das destrezas lingüísticas. Por tanto intentaremos:

- Partir, sempre que poidamos, dun contexto comunicativo real ou próximo á realidade.
- Utilizar diferentes tipos de textos.
- Traballa-la literatura a partir das lecturas.
- Propor proxectos de traballo que se vaia realizar usando diferentes técnicas.
- Realizar traballos individuais ou con varios tipos de agrupamento.

RECUPERACIÓN

A recuperación, para os alumnos que non consigan a avaliación positiva tratarase de maneira individual con cada alumno, establecendo o plan de actividades, traballos ou lecturas que deba realizar.

MATERIAIS E RECURSOS

- Libros de texto.
- Textos procedentes de diferentes medios.
- Libros de lectura e consulta.
- Dicionarios, periódicos, etc.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. PROGRAMACIÓN DE AGRUPAMENTO ESPECÍFICO

CURSO DE REFORZO DE 1º DE ESO

CONTIDOS DE CONCEPTOS

1. Números naturais. Divisibilidade.
2. Números enteiros.
3. Potencias e raíz cadrada.
4. Fraccións.
5. Números decimais.
6. Ecuacións.
7. Proporcionalidade.
8. Estatística.
9. Figuras xeométricas.
10. Triángulos e cuadriláteros.
11. Sistema métrico decimal.
12. Áreas de figuras planas.

CONTIDOS DE PROCEDEMENTOS

1. Aplicación dos algoritmos de cálculo e formulacións das expresións matemáticas correctas con números naturais, enteiros. Decisión sobre o tipo de número máis conveniente para utilizar en cada situación particular.
2. Explicación de forma razoada sobre cal é o método de resolución (mental, escrito, gráfico, xeométrico, etc.) máis adecuado para a resolución de cada problema.
3. Comprensión e utilización da expresión dos números naturais como suma de potencias de 10 e aplicación ó significado do cambio de unidades de medida.
4. Utilización con destreza, corrección e precisión dos instrumentos de medida para cuantificar de forma directa distintas magnitudes.
5. Aplicación correcta das fórmulas de cálculo de perímetros e áreas de polígonos regulares e de circunferencias.
6. Identificación coa terminoloxía adecuada e precisa de figuras planas: triángulos, cuadriláteros, polígonos regulares e círculos.
7. Utilización de fórmulas que permitan calcula-lo perímetro e a área das figuras planas.
8. Descrición verbal do proceso seguido na resolución de problemas xeométricos.
9. Adquisición dunha capacidade crítica e unha actitude de análise fronte a informacións que se reciben de forma gráfica e alxebraica.

CONTIDOS DE ACTITUDES

1. Planificación da resolución de problemas tendo en conta qué é o que se coñece e o que se ten que atopar.
2. Motivación e interese por atopar entre as distintas posibilidades de resolución dun problema a estratexia máis adecuada e non abandona-la busca da dita estratexia se non aparece ó primeiro intento.
3. Confianza nas propias capacidades para afrontar problemas e realizar cálculos e estimacións numéricas.
4. Recoñecemento e valoración da necesidade de ter unha medida universal para cada magnitude e así poder transmitir información
5. Valoración da necesidade de toma-las medidas con precisión.
6. Boa disposición para da-lo resultado numérico coa aproximación adecuada e nas unidades convenientes.
7. Interese pola conservación e a correcta utilización de instrumentos e materiais didácticos usados na aula.

8. Sensibilización pola beleza das formas xeométricas na natureza, na arte e na técnica.
9. Espírito de interrogación e investigación fronte a situacións que poidan ser cuantificadas matematicamente.
10. Conianza na capacidade propia de razoar correctamente fronte a situacións problemáticas en que se teñen que aplicar coñecementos matemáticos.
11. Interese pola precisión da linguaxe e a claridade no tratamento das representacións gráficas e numéricas dos datos estatísticos, dos resultados obtidos e das opinións resultantes.

2º CURSO DE ESO

CONTIDOS DE CONCEPTOS

1. Operacións no conxunto Z .
2. Potenciación e radicación.
3. Expresións decimais.
4. Expresións alxebraicas.
5. Magnitudes proporcionais.
6. Función liñal e afín.
7. Probabilidade.
8. Triángulos rectángulos. Pitágoras.
9. Iniciación ós sistemas.
10. Semellanza.
11. Os ángulos e a circunferencia.
12. Poliedros e corpos de revolución.
13. Volume.

CONTIDO DE PROCEDEMENTOS

1. Aplicación dos algoritmos de cálculo e formulación das expresións matemáticas correctas con números enteiros, fraccionarios, decimais, potencias e raíces cadradas. Destreza no uso das parénteses e na xerarquía das operacións.
2. Explicación de forma razoada sobre cal é o método de resolución (mental, escrito, gráfico, xeométrico ou alxebraico) máis adecuado para a resolución de cada problema.

3. Coñecemento e uso correcto da linguaxe alxebrica simple para representar números descoñecidos.
4. Aplicación correcta das fórmulas de cálculo de áreas e volumes para medir magnitudes de corpos xeométricos regulares.
5. Identificación e descrición coa terminoloxía adecuada e precisa dos corpos xeométricos regulares.
6. Destreza na utilización de fórmulas que permiten calcula-la área lateral e total e o volume dos corpos xeométricos regulares
7. Distinción entre fenómenos deterministas e fenómenos aleatorios.
8. Interpretación e construción de diagramas e gráficos a partir de táboas estatísticas ou de experiencias aleatorias escollendo para cada situación o tipo de representación máis adecuado.
9. Representación gráfica de relacións de dependencia de proporcionalidade directa, dependencia afin e descrición verbal da dependencia existencia.
10. Utilización do vocabulario adecuado para describir e cuantificar experiencias aleatorias.
11. Interpretación e construción de táboas de frecuencias e gráficos a partir de experiencias aleatorias, escollendo para cada situación o tipo de representación máis adecuado.
12. Capacidade para elaborar conxecturas en experiencias aleatorias e comprobación da súa certeza ou inceteza.

CONTIDOS DE ACTITUDES

1. Planificación da resolución de problemas tendo en conta o que se coñece e o que se ten que atopar.
2. Motivación e interese por achar, entre as distintas posibilidades de resolución dun problema, a estratexia máis adecuada sen abandonar-la busca da dita estratexia se non aparece no primeiro intento.
3. Incorporación á linguaxe cotiá dos termos de medida para describir obxectivos e para transmitir información sobre o contorno.
4. Interese pola correcta utilización e conservación dos instrumentos de medida que se utilicen.
5. Boa disposición para da-lo resultado numérico coa aproximación adecuada e nas unidades convencionais.
6. Perseveranza na revisión sistemática do resultado e das medidas directas ou indirectas obtidas.
7. Interese pola conservación e a correcta utilización dos instrumentos e materiais didácticos usados na aula.

8. Sensibilización cara á beleza das formas xeométricas na natureza, na arte e na técnica.
9. Curiosidade e interese por investiga-las formas, as regularidades e as relacións xeométricas.
10. Valoración da necesidade de facer traballos de exercitación para consolidar a utilización de fórmulas.
11. Espírito de interrogación e investigación fronte a situacións que poidan ser cuantificadas matematicamente.
12. Confianza na capacidade propia de razoar correctamente fronte as situacións problemáticas nas que se teñen que aplicar coñecementos matemáticos.
13. Interese pola precisión da linguaxe e a claridade no tratamento das representacións gráficas e numéricas dos datos estatísticos, dos resultados obtidos e das opinións resultantes.
14. Valoración e recoñecemento do papel das matemáticas para interpretar, describir e predicir situacións relacionadas co azar.

CURSO DE REFORZO DE 3º DE ESO

- Bloque 1: Números enteiros e racionais.
 Raíces. Aproximación. Número real.
 Medir e medidas. Sistema métrico decimal.
 Proporcionalidade numérica. Escalas.
- Bloque 2: Formas poligonais. Propiedades métricas.
 Teoremas de Pitágoras.
 Circunferencia e círculo.
 Teorema de Thales. Semellanza.
- Bloque 3: Ecuacións cunha incógnita.
 Sistema de dúas ecuacións con dúas incógnitas de primeiro grao.
 Funcións. Construcción. Lectura e interpretación de gráficas.
 Proporcionalidade directa. Funcións liñais.
 Estatística. Representación da información.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

CONTIDOS DE CONCEPTOS

Primeiro trimestre:

- 1.- Enteiros e racionais.
 Números enteiros: valor absoluto, orde e representación gráfica.

- Operacións entre enteiros. Expresións aritméticas, prioridade de operacións e propiedade distributiva.
Números racionais. Expresión decimal. Mínimo común denominador. Operacións con fraccións.
Fracción dunha cantidade. Fraccións e porcentaxes. Potencias de expoñente enteiro. Notación científica.
- 2.- Raíces. Aproximación. Número real.
Fraccións e decimais periódicos.
Decimais ilimitados non periódicos
Desigualdades. Números aproximados. Erros.
Cálculo con números aproximados.
- 3.- Medir e medidas. Sistema métrico decimal.
- 4.- Escalas. Proporcionalidade numérica.
Definición de proporcionalidade.
Repartos proporcionais.
Porcentaxes e proporcionalidade.
As porcentaxes na vida comercial.
Porcentaxes e comparación.

Segundo trimestre

- 5.- Formas poligonais e propiedades métricas.
Ángulos.
Triángulos.
Paralelogramos.
Mediatriz e bisectriz.
Triángulos: rectas e puntos notables.
- 6.- Teorema de Pitágoras.
Triángulo rectángulo.
Aplicacións do teorema de Pitágoras.
- 7.- Circunferencia e círculo.
Elementos da circunferencia.
Lonxitude da circunferencia
Área do círculo.
- 8.- Teorema de Thales. Semellanza.
A paralela media nun triángulo.
Teorema de Thales. División dun segmento en partes iguais. Triángulos en posición de Thales.
Semellanza. Criterios de semellanza de triángulos.
A semellanza e as áreas.

Terceiro trimestre

- 9.- Ecuacións cunha incógnita.
Ecuación, incógnita e solución.
Da realidade das ecuacións.
Ecuacións equivalentes. Transposición.
Resolución de ecuacións de primeiro grao.
Resolución de problemas.
- 10.- Sistemas de ecuacións de primeiro grao.
Definición de exemplos.
Métodos de resolucións de sistemas.
- 11.- Funcións. Construcción. Lectura e interpretación de gráficas.
Dependencia entre magnitudes.
Representación gráfica da dependencia.
Variable dependente e independente.
Relaciones dadas por táboas, gráficos e fórmulas.
Idea de función.
Representación gráfica de funcións.
- 12.- Proporcionalidade directa. Funcións lineais.
Magnitudes directamente proporcionais.
Estudio de $y=mx$.
Estudio de $y= mx+n$
- 13.- Estatística. Representación da información.
Frecuencia absoluta e relativa.
Variable cualitativa. Diagrama de rectángulos e de sectores.
Variable cuantitativa discreta. Diagrama de barras.
Variable continua. Histograma. Polígono de frecuencias.

CONTIDOS DE PROCEDEMENTOS

1. Aplicación dos algoritmos de cálculo e formulación das expresións matemáticas correctas con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais. Comparación, ordenación e representación gráfica dos ditos números. Elección da clase de número máis conveniente que se debe utilizar en cada situación particular na resolución dun problema.
2. Decisión sobre qué aproximación é máis conveniente darlle a cada número decimal en cada situación concreta e a busca da dita aproximación. Coñecemento de xeración de erros.

3. Distinción e coñecemento dos números decimais periódicos e non periódicos.
4. Identificación das situacións que lle corresponden a unha proporcionalidade directa.
5. Manipulación de expresións alxebraicas sinxelas e coñecemento das regras para operar con elas.
6. Utilización do Teorema de Thales para calcular de forma indirecta lonxitudes, áreas e volumes, e do teorema de Pitágoras para calcular lonxitudes en triángulos rectángulos.
7. Construcción e interpretación de relacións entre calquera magnitude.
8. Interpretación e construción de diagramas e gráficas a partir de táboas estatísticas, elixindo para cada situación o tipo de representación máis adecuado.
9. Representación gráfica de relacións de dependencia de proporcionalidade directa, e a descrición verbal da dependencia existente.
10. Busca da fórmula asociada a unha dependencia que vén dada por unha frase o unha táboa.
11. Extracción de información cualitativa a partir de gráficas, táboas estatísticas, medidas centrais de dispersión.

CONTIDOS DE ACTITUDES

1. Constancia na presentación adecuada dos distintos cálculos e transformacións dos números, de maneira que queden ben explicitados tódolos pasos intermedios e o resultado final.
2. Motivación e interese por atopar entre as distintas posibilidades de resolución dun problema a estratexia máis adecuada sen abandonala busca da dita estratexia se non aparece ó primeiro intento.
3. Consciencia e confianza na situación persoal fronte á aprendizaxe e valoración dos avances realizados.
4. Disposición favorable para a realización dunha estimación, previa á resolución dun problema de medida.
5. Constancia na presentación dos exercicios resoltos nos que ten que aparecer a estratexia seguida, os cálculos realizados e unha boa disposición para a presentación do resultado numérico, con aproximación adecuada e unha unidade conveniente.
6. Valoración das distintas estratexias matemáticas utilizadas para a resolución de problemas.

7. Aceptación da necesidade de exercitarse de forma sistemática para adquirir unha consolidación da aplicación de fórmulas e outros automatismos matemáticos.
8. Espírito de interrogación e investigación fronte a situacións que poden ser cuantificadas matematicamente.
9. Confianza na propia capacidade de razoar correctamente fronte a situacións problemáticas en que hai que aplicar coñecementos matemáticos.
10. Interese pola precisión da linguaxe e a claridade no tratamento das representacións gráficas e numéricas dos datos estatísticos, dos resultados obtidos e das opinións resultantes.
11. Actitude crítica fronte a informacións ou crenzas populares.
12. Valoración das matemáticas como un instrumento de descrición precisa da realidade.

ACTIVIDADES

1º TRIMESTRE

- Exercicios de cálculo.
- Exercicios de aplicación interdisciplinar.

2º TRIMESTRE

- Exercicios de cálculo. Lonxitude e área de figuras planas.
- Exercicios de aplicación interdisciplinar.

3º TRIMESTRE

- Exercicios de cálculo.
- Exercicios de aplicación interdisciplinar.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Resolver problemas cotiáns utilizando números enteiros, decimais, racionais e irracionais, elixindo en cada caso o número máis adecuado.
2. Interpreta-la dependencia entre variables utilizando táboas e expresións alxebraicas, e describi-las funcións e as súas gráficas.

3. Resolver problemas cotiáns por medio de ecuacións e sistemas de primeiro grao. Lembra-las identidades notables.
4. Saber utiliza-lo teorema de Thales e usa-los conceptos de semellanza.
5. Diferencia-las relacións de proporcionalidade das que non o son e apicalas á resolución de problemas.
6. Identifica-las propiedades das operacións.
7. Coñece-los conceptos de posición relativa entre rectas, e entre rectas e circunferencias, así como recoñece-las distintas formas xeométricas regulares.
8. Utiliza-la estratexia óptima para se enfrontar a un problema: inducción, deducción, codificación da información, etc.